

Orde do 31 de xaneiro de 2005 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2005, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro para a contratación de traballadores desempregados, beneficiarios do Programa Labora: xuventude con experiencia e beneficiarias do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, e se procede á súa convocatoria.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta Comunidade Autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos Decretos 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, 23/2003, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e mailo Decreto 301/2004, do 22 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais asume o exercicio das competencias e funcións que ata o momento correspondían á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Correspóndelle, agora, a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas da política de emprego, entre as que están o Programa de fomento do emprego no ámbito da colaboración coas entidades locais, cos órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos, comunidades autónomas, universidades e institucións sen ánimo de lucro, para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese social e xeral e o de contratación de axentes de emprego e técnicos locais de emprego.

Estas medidas de fomento do emprego público dirixidas ás anteditas entidades, ás outras administracións e ás entidades sen ánimo de lucro, agrúpanse, xa no ámbito competencial da Administración autonómica, baixo a rúbrica de programas de cooperación, respectando, en todo caso, as liñas mestras dos programas estatais dos que traen causa.

A filosofía dos denominados programas de cooperación corresponde á necesidade de dar un tratamento global e coordinado ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde unha perspectiva de dinamización e de xeración de novas actividades no medio rural, con repercusión no emprego e na creación de alternativas de ocupación laboral que, inicialmente impulsadas e subvencionadas pola Administración, sexan capaces de perdurar e de seren mantidas ben por outras instancias da Administración autonómica, ben polas propias

entidades afectadas ou, na medida do posible, pola propia iniciativa privada, a través do mantemento do emprego xerado a través do mantemento do servizo.

Os programas de cooperación concíbense, ademais, como medida de fomento do emprego a través da adquisición de experiencia profesional dos traballadores desempregados participantes na realización das obras ou servizos, de xeito que, coa mellora da súa empregabilidade, poidan situarse en mellores condicións para acceder a un posto de traballo, unha vez rematada a súa participación neles. Nesta convocatoria recóllense aquelas liñas de axuda que, integradas nos anteditos programas, se dirixen especificamente ás administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

Por outra banda, non poden perderse de vista as directrices emanadas do Consello Europeo Extraordinario de Luxemburgo sobre o Emprego, relativas á mellora da capacidade de inserción profesional, ao desenvolvemento do espírito de empresa, ao fomento da capacidade de adaptación dos traballadores e das empresas e ao reforzamento da política de igualdade de oportunidades, presentes no deseño dos programas regulados nesta orde, e que deben materializarse cando se realice a selección das entidades beneficiarias e dos desempregados participantes en cada unha das accións concretas ás que a esta dea lugar.

Noutra orde de cousas, esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, igualdade e non-discriminación na concesión das axudas e subvencións.

De conformidade co previsto no citado texto refundido, o financiamento das axudas previstas nesta orde, realizarase con fondos finalistas transferidos pola Administración do Estado e con fondos propios libres da comunidade autónoma, con cargo ás aplicacións 16.02.241A.400, 16.02.241A.419, 16.02.241A.439, 16.02.241A.440 e 16.02.241A.480 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, por un importe de 125.000, 225.000, 67.280, 3.199.012 e 8.160.268 €, respectivamente.

Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que se establezan pola Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Consecuentemente con todo o anterior, informado o Comité Autonómico de Emprego, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe

favorable da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Inspección Xeral de Servizos e da Intervención Delegada, e, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Capítulo I
Disposicións comúns

Artigo 1º.-Finalidade.

Esta orde ten por finalidade a definición, regulación e convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, dos distintos programas de axudas da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que, baixo a rúbrica xeral de programas de cooperación, están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego no ámbito da colaboración coas administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.-Liñas de axuda.

1. Dentro dos programas de cooperación, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais subvencionará as entidades que estando previstas no artigo seguinte contraten traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social e axentes de emprego e/ou unidades de apoio, nos termos establecidos, respectivamente, nos capítulos II e III desta orde.

2. A subvención consistirá no financiamento dunha contía equivalente aos custos salariais e de Seguridade Social dos traballadores que se van contratar e, cando estes sexan beneficiarios do Programa Labora: xuventude con experiencia ou do Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica que reúnan os requisitos para percibilo, no financiamento do incentivo á mobilidade xeográfica, previsto no artigo 16º desta disposición.

3. Estas axudas e subvencións financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.241A.400, 16.02.241A.419, 16.02.241A.439, 16.02.241A.440 e 16.02.241A.480 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas e subvencións previstas nesta orde os órganos, organismos e entidades públicas dependentes ou vinculadas ás administracións públicas distintas da local e ás universidades, así como ás entidades sen ánimo de lucro que dispoñan de recoñecida solvencia e capacidade técnica e de xestión suficientes para a correcta execución dos correspondentes proxectos.

Artigo 4º.-Solicitudes, documentación e prazo.

1. As entidades que estando previstas no artigo anterior pretendan beneficiarse destas subvencións deberán formalizar a correspondente solicitude nos

modelos que se publican como anexos á esta orde, de acordo co disposto no artigo 70º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que estarán ao seu dispor nas oficinas de emprego e nas delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2. As solicitudes, que se publican como anexo I, que en todo caso deberán ser subscribas polo titular ou representante legal da entidade, debidamente acreditado, deberán levar, en duplicado exemplar, a seguinte documentación:

a) Acreditación da representación que desempeña a persoa que asina a solicitude e, no caso de entidades sen ánimo de lucro, ademais fotocopias compulsadas do seu documento nacional de identidade e da documentación do apoderamento.

b) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

c) Fotocopia compulsada da escritura pública e/ou dos estatutos de constitución da entidade solicitante en que resulte acreditada a ausencia de ánimo de lucro, para os supostos nos que tivese esa natureza.

d) Certificado do órgano competente da entidade beneficiaria en que conste a referencia da publicación oficial do convenio colectivo que resulte de aplicación, así como as retribucións dos traballadores, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mailas cotizacións empresariais á Seguridade Social, no modelo que se publica como anexo IV.

e) Ficha de transferencia bancaria, no modelo que se publica como anexo VII.

f) Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, no modelo que se publica como anexo VIII.

g) Exclusivamente no caso das axudas e subvencións previstas no capítulo II:

-Se é o caso, proxecto global do conxunto de plans de obras e servizos que se van realizar, no modelo que se publica como anexo II.

-Unha memoria de cada obra ou servizo que se vai realizar, no modelo que se publica como anexo III, acompañada do proxecto e planos cando o tipo de obra así o exixa.

h) Exclusivamente no caso das axudas e subvencións previstas no capítulo III, unha memoria, no modelo que se publican como anexos V e VI, segundo proceda, fundamentando a solicitude, incluíndo unha descrición dos obxectivos perseguidos coa contratación, as tarefas que teña que desempeñar o axente de emprego e, se é o caso, a composición e funcións que vai desempeñar a unidade de apoio.

Cando os documentos exixidos nas letras a), b) e c) anteriores, xa estivesen en poder da Dirección Xeral de Promoción do Emprego e non se producisen modificacións no seu contido, a entidade solicitante poderá acollerese ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar esta circunstancia e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

3. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e presentaranse en calquera das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. O prazo para a presentación de solicitudes será de 2 meses a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, agás no suposto das solicitudes de axudas e subvencións para a contratación de beneficiarias do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, que se poderán presenta ao longo de todo o ano.

Artigo 5º.-Procedemento.

1. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos en cada caso exixidos ou a documentación achegada contivese erros ou sexa insuficiente, o órgano competente para instruír o procedemento requirirá o solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, terase por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

2. Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á comisión de valoración para o seu estudo e proposta de resolución de conformidade cos criterios de valoración establecidos polo artigo 13º, tendo en conta que as solicitudes se tramitarán en tres fases que se completarán nos meses de marzo, xuño e setembro, respectivamente, en función das datas de inicio previstas nas correspondentes solicitudes.

3. Aqueles proxectos dos que nalgunha das dúas primeiras fases non se formula proposta de resolución favorable á súa aprobación, non se considerarán desestimados e poderán ser obxecto de ulterior valoración pola comisión de valoración.

4. Para os efectos previstos nesta orde, a comisión de valoración estará composta polo subdirector xeral de escolas obradoiro e programas de cooperación, que a presidirá, e serán vogais o xefe do servizo de programas de cooperación e un funcionario adscrito ao servizo actuando este último como secretario.

Artigo 6º.-Resolución e recursos.

1. Dentro dos seis meses seguintes á entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver, logo do informe da comisión de valoración e fiscalizada a proposta pola Intervención Delegada, o director xeral de Promoción do Emprego, por delegación da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ditará a resolución que proceda, debendo serlles notificada aos interesados. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

2. A resolución administrativa que poña fin ao expediente conterà, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Denominación da obra ou servizo aprobado.
- b) Denominación do proxecto global.
- c) A pertenza dos traballadores que se van contratar ao Programa Labora ou o de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, se é o caso.
- d) Duración e data de inicio.
- e) Contía da subvención que se vai outorgar.
- f) Categoría profesional e grupo de cotización dos traballadores que se van contratar.
- g) Localización xeográfica provincial da realización da obra ou servizo.
- h) Se é o caso, código que hai que incluír nos contratos para a súa posterior mecanización e rexistro para efectos estatísticos.
- i) Cando proceda, referencia ao 65% do cofinanciamento da subvención concedida, pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo, Programa operativo fomento do emprego (PO 2000 ES 051 PO 017).

3. A determinación da contía da subvención correspondente ao incentivo á mobilidade xeográfica dos traballadores que reúnan os requisitos para percibilo realizarase mediante resolución complementaria de conformidade co previsto no artigo 8º.2.

4. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nesta orde esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co disposto no artigo 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se fose expresa; se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do antedito recurso contencioso-administrativo, de conformidade co previsto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do proce-

demento administrativo común, poderá interpoñerse o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto administrativo obxecto de recurso no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, se o acto fose expreso; se non o fose, o prazo será de tres meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Neste caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición.

Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados.

Artigo 7º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 8º.-Xustificación e pagamento.

1. O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida, o que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego co código que, se é o caso, figure no anexo á resolución da concesión da subvención.

b) Orixinais ou copias compulsadas dos partes de alta na Seguridade Social.

c) Certificado do órgano competente da entidade beneficiaria en que consten as retribucións dos traballadores, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mailas cotizacións empresariais á Seguridade Social.

d) No caso das axudas e subvención recollidas no capítulo II, o certificado previsto no artigo 15º.3 desta orde, relativo á selección e contratación de traballadores.

e) Unha declaración complementaria do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

2. O aboamento da subvención correspondente ao incentivo á mobilidade xeográfica dos traballadores contratados, previsto no artigo 16º, farase efectivo unha vez comprobado o número de beneficiarios contratados que reúnan os requisitos para acceder a el e ditada a correspondente resolución complementaria de concesión de subvención, logo de fiscalización da proposta pola Intervención Delegada.

3. A documentación xustificativa deberá remitirse á Dirección Xeral de Promoción do Emprego no prazo dun mes desde o inicio da obra ou servizo e antes do 15 de decembro de 2005, agás autorización expresa de ampliación deste por aquela, logo da solicitude motivada da entidade beneficiaria.

Artigo 9º.-Incompatibilidades e obrigas dos beneficiarios.

1. Se a entidade solicitante percibise algunha outra subvención para man de obra, outorgada por outras administracións ou entes públicos ou privados, a cantidade resultante non poderá superar, conxuntamente coa subvención da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, o custo total da contratación, incluídas as cotizacións á Seguridade Social.

2. As entidades beneficiarias das axudas e subvencións previstas nesta orde virán obrigadas á:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a realización da actividade ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinan a concesión ou desfrute da axuda.

c) O sometemento ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e ás que lle poidan corresponder, se é o caso, á Comisión e ao Tribunal de Contas da Unión Europea.

d) Comunicarlle á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público nacional ou internacional, no momento da solicitude e no da xustificación previa ao pagamento.

e) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as obras e servizos que se realicen, de conformidade co disposto nos artigos 18º.2 e 24º.2, respectivamente, desta orde.

f) Satisfacer, ao seu vencemento, as obrigas económicas que deriven do funcionamento dos servizos subvencionados, especialmente as de carácter salarial, con independencia de que se percibise con anterioridade a subvención concedida.

g) Cumprir as demais obrigas que poidan derivar da normativa de desenvolvemento desta orde.

Artigo 10º.-Revogación.

O incumprimento total ou parcial das obrigas, condicións ou finalidades establecidas nesta orde ou a normativa que a desenvolva, dará lugar ao reintegro total ou parcial, segundo proceda, da axuda ou sub-

vención percibida e mailos xuros de demora nas condicións e de conformidade co establecido no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Capítulo II

Das subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social

Artigo 11º.-Obxecto.

1. Este programa ten por obxecto o fomento do emprego, no ámbito da colaboración coas administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, a través da subvención, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, da contratación de:

a) Beneficiarios do Programa Labora: xuventude con experiencia.

b) Beneficiarias do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica.

c) Traballadores desempregados, preferentemente, con especiais dificultades de inserción laboral, tales como parados de longa duración, discapacitados, mulleres, maiores de 45 anos e integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da renda de integración social de Galicia.

2. No caso de contratación de beneficiarios dos programas previstos nas letras a) e b) do parágrafo anterior, teranse en conta as especificidades previstas no Decreto 148/2002, do 18 de abril, na Orde do 5 de xuño de 2003 e nos artigos 2º.2, 6º.2 c), 6º.3, 8º.2, 12º.1 b), 14º.3, 16º e na disposición adicional quinta desta orde.

Artigo 12º.-Contía.

1. A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será:

a) Para os efectos salariais, a equivalente aos custos salariais e de Seguridade Social dos traballadores que se van contratar nos termos previstos nos seguintes puntos.

b) Para os efectos do incentivo á mobilidade xeográfica, será de 180 € mensuais por cada beneficiario/a contratado que reúna os requisitos para percibilo.

2. A contía máxima da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será igual ao resultado de multiplicar o número de traballadores desempregados contratados polo número de meses de duración do contrato e polo importe do módulo que lle corresponda en función do grupo de cotización á Seguridade Social do traballador contratado, conforme o establecido no parágrafo seguinte, ou a cantidade prevista no convenio colectivo que resulte

de aplicación de ser esta inferior. En ningún caso, se poderá deducir o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1º c) do Estatuto dos traballadores.

A citada contía máxima reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada, cando os contratos se concerten a tempo parcial.

3. Os módulos correspondentes a cada grupo de cotización dos traballadores contratados serán os seguintes:

Módulo A: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a unha vez e media o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente cada ano, maila parte proporcional das pagas extraordinarias e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos que corresponderan ao dito IPREM por cada traballador contratado nos grupos de cotización da Seguridade Social 10 e 11.

Módulo B: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, maila parte proporcional das pagas extraordinarias e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada traballador contratado dentro do grupo de cotización da Seguridade Social, 9 ao 5, ambos inclusive.

Módulo C: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a tres veces o o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, maila parte proporcional das pagas extraordinarias e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada traballador contratado dentro do grupo de cotización da Seguridade Social, 4 ao 1, ambos inclusive.

Artigo 13º.-Requisitos e criterios para a selección das obras e servizos.

1. As obras e servizos que se vaian realizar deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que sexan executados ou prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.

b) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais dos desempregados.

c) Que a súa duración máxima sexa de 9 meses, agás nos supostos dos Programa Labora: xuventude con experiencia e de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, en que a súa duración máxima será de 12 meses.

2. De entre as obras e servizos que cumpran os anteditos requisitos, farase unha selección dando maior preferencia aos proxectos que:

a) Na súa realización, permitan e apoien a creación permanente de maior número de postos de traballo estables.

b) Vaian dirixidos ás titulacións correspondentes aos beneficiarios incorporados ao Programa Labora do seu ámbito territorial ou a aquelas con menor índice de colocación a través do programa, á contratación de beneficiarias do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica ou de parados de longa duración, discapacitados ou mulleres e maiores de 45 anos.

c) Os proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral, ben mediante a incorporación directa dos traballadores á entidade beneficiaria á finalización do proxecto ou no prazo que se acorde entre a entidade beneficiaria e o órgano competente para resolver ou calquera outra fórmula de previsión para a inserción laboral que, sendo obxectivo, este considere suficiente.

d) Incidan nos novos viveiros de emprego e fomenten a xeración de novas actividades ligadas ao territorio e á creación de novas alternativas de emprego e ocupación laboral.

e) Os proxectos que teñan un ámbito de actuación superior ao municipal e impliquen, no seu deseño e execución a outros organismos ou entidades do contorno, así como aos actores sociais presentes no territorio.

f) Os proxectos de maior interese xeral e social.

g) Correspondan a entidades cunha mellor valoración en relación ás actuacións levadas a cabo ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego, en anos anteriores.

3. En ningún caso serán obxecto de subvención aquelas solicitudes presentadas polas institucións sen ánimo de lucro coa finalidade de executar obras.

Artigo 14º.-Requisitos e criterios para a selección dos traballadores.

1. Os traballadores que sexan contratados para a realización das obras e servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser, en todo caso, desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. No suposto de contratación dos traballadores previstos no artigo 11º.1 c), as entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores desempregados necesarios mediante a presentación de oferta de emprego nas oficinas de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos nos parágrafos seguintes.

Recibida a oferta realizarase unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous, tendo preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Parados de longa duración.

b) Discapacitados.

c) Mulleres.

d) Desempregados maiores de 45 anos.

e) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

Así mesmo, teranse en conta os seguintes criterios:

a) O nivel de protección por desemprego dos posibles beneficiarios.

b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do traballador desempregado que se contrata o cónxuxe, fillos menores de vinte e seis anos, maiores incapacitados ou menores acollidos.

Os candidatos serán remitidos á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que deberá ser notificada ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

3. Cando a concesión da subvención estea vinculada á contratación de beneficiarios do Programa Labora ou do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, a selección dos traballadores desempregados realizarase por parte das entidades subvencionadas contra a base de datos de incorporados ao programa, logo de presentación por parte daquelas da correspondente oferta de emprego específica nas oficinas de emprego e nos centros asociados do Servizo Galego de Colocación habilitados para o efecto. Os modelos e características desta oferta específica estableceranse por resolución dos órganos competentes do Servizo Público de Emprego.

Excepcionalmente e, logo de autorización expresa da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, poderán utilizarse ofertas especiais cando se trate de seleccionar a beneficiarios do Programa Labora que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a beneficiarias do Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.

Artigo 15º.-Contratación dos traballadores.

1. Seleccionados os traballadores na forma prevista no artigo anterior e, con carácter xeral, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación, antes do 1 de decembro de 2005, nos termos expresados na solicitude en relación coa resolución de concesión de axudas.

2. Os contratos de traballo subscritos cos traballadores seleccionados comunicaránse á oficina de emprego correspondente coa indicación de programas de cooperación Xunta de Galicia-outras administracións ou entidades, debendo incluírse, en cada contrato, o código reflectido na resolución de concesión das axudas.

3. A entidade beneficiaria remitiralle á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, no prazo e xunto coa documentación prevista no artigo 8º desta orde, un certificado do órgano competente en que consten os seguintes extremos:

a) A formulación da correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia.

b) Se é o caso, a relación nominal de traballadores desempregados facilitados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, así como a dos traballadores seleccionados e contratados.

Artigo 16º.-Incentivo á mobilidade xeográfica.

1. Os beneficiarios do Programa Labora e do programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica contratados percibirán un incentivo á mobilidade xeográfica, sempre que cumpran os requisitos previstos no artigo 7º.3 do Decreto 148/2002, do 18 de abril, e no artigo 9 da Orde do 5 de xuño de 2003.

2. As oficinas de emprego, unha vez recibidos os contratos de traballo de conformidade co previsto no artigo 15º.2, comprobarán cales e cantos dos traballadores contratados reúnen os requisitos para a percepción do incentivo á mobilidade xeográfica. Unha vez determinados, o director da oficina de emprego deberá remitir á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, por cada expediente, unha relación certificada destes para os efectos de ditar a correspondente resolución complementaria, nos termos previstos no artigo 8º.2.

Artigo 17º.-Inicio das obras ou servizos.

1. Con carácter xeral, a obra ou servizo iniciarase no prazo de trinta días naturais, contados a partir da data de inicio prevista na resolución e antes do 1 de decembro de 2005, tendo en conta o prazo máximo para a remisión da documentación xustificativa prevista no artigo 8.

2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, o director xeral de Promoción do Emprego poderá autorizar o inicio da obra ou servizo con posterioridade ao devandito prazo, logo da solicitude para o efecto da entidade beneficiaria.

Artigo 18º.-Seguimento e publicidade.

1. No prazo dun mes desde o remate da obra ou servizo subvencionado, a entidade beneficiaria remitirá á Dirección Xeral de Promoción do Emprego un informe pormenorizado sobre as obras ou servizos realizados, características dos contratos celebrados e práctica profesional adquirida polos traballadores contratados, así como sobre as súas perspectivas de

integración laboral, reintegrando, se é o caso, as cantidades non aplicadas á actividade subvencionada.

2. Para efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as obras ou servizos, deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, en modelo normalizado que será facilitado pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en que constará o cofinanciamento pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo.

Capítulo III

Das subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio para a creación de emprego

Artigo 19º.-Obxecto.

1. Este programa ten por obxecto regular a concesión de axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio para a creación de emprego, para a realización de funcións relacionadas coa dinamización e xeración de novas actividades, colaborando na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial, desenvolvéndose a antedita colaboración no marco de colaboración acordada entre a entidade contratante e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2. Os axentes de emprego e as unidades de apoio realizarán as seguintes funcións:

a) Prospección de recursos ociosos ou infrutilizados e de proxectos empresariais de promoción económica e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego.

b) Difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividades entre desempregados, promotores, emprendedores e institucións colaboradoras.

c) Acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

d) Apoio aos promotores das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento.

3. As unidades de apoio estarán compostas polo persoal necesario para a realización das tarefas que van desenvolver.

Artigo 20º.-Contía.

1. A contía máxima da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será igual ao resultado de multiplicar o número de traballadores desempregados contratados polo número de meses de duración do contrato e polo importe do módulo que lle corresponda en función do grupo de cotización á

Seguridade Social do traballador contratado, conforme o establecido no parágrafo seguinte.

A citada contía máxima reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada, cando os contratos se concerten a tempo parcial.

2. Os módulos correspondentes a cada grupo de cotización dos traballadores contratados serán os seguintes:

Módulo A: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a unha vez e media o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente cada ano, maila parte proporcional das pagas extraordinarias e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos que correspondesen ao dito salario mínimo por cada traballador contratado nos grupos de cotización da Seguridade Social 10 e 11.

Módulo B: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, maila parte proporcional das pagas extraordinarias e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada traballador contratado dentro do grupo de cotización da Seguridade Social, 9 ao 5, ambos inclusive.

Módulo C: os custos salariais totais que se van subvencionar ascenderán a tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente en cada ano, maila parte proporcional das pagas extraordinarias e a correspondente cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos por cada traballador contratado dentro do grupo de cotización da Seguridade Social, 4 ao 1, ambos inclusive.

Artigo 21º.-Criterios de valoración das solicitudes.

Para efectuar a selección das entidades beneficiarias e das axudas que se van conceder, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios de preferencia:

a) As prórrogas de subvencións concedidas en exercicios anteriores.

b) A valoración das actuacións levadas a cabo polas ditas entidades, ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego, en anos anteriores.

c) Os proxectos que na súa realización, permitan e apoiem a creación permanente de maior número de postos de traballo estables.

d) Os proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral, ben mediante a incorporación directa dos traballadores á entidade beneficiaria á finalización do proxecto ou no prazo que se acorde entre a entidade beneficiaria e o órgano competente para resolver ou calquera outra fórmula de previsión para a inserción laboral que, sendo obxectivo, este considere suficiente.

e) Os proxectos que teñan un ámbito de actuación superior ao municipal e impliquen, no seu deseño e execución a outros organismos ou entidades do contorno, así como os actores sociais presentes no territorio.

f) Os proxectos de maior interese xeral e social.

Artigo 22º.-Selección dos axentes de emprego e dos integrantes das unidades de apoio.

1. A selección dos axentes de emprego e dos traballadores que formen parte da unidade de apoio, realizarase por un grupo de traballo mixto, a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego.

2. Ao grupo mixto corresponderalle, entre outras funcións, a determinación do procedemento para a realización da selección, de entre os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego, procurando a maior adecuación ao posto de traballo, velando polo cumprimento dos requisitos sinalados no parágrafo seguinte.

3. Os axentes de emprego e o persoal integrante das unidades de apoio deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

b) No caso dos axentes de emprego, ademais, deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

* Ter superado con éxito os estudos de segundo ou primeiro ciclo dalgún dos seguintes estudos universitarios: economía, administración e dirección de empresas, socioloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, enxeñería de montes ou agrónoma, ciencias empresariais, relacións laborais ou enxeñería técnica forestal ou agrícola.

* Ter superado con éxito os estudos de segundo ou primeiro ciclo doutras disciplinas distintas das enumeradas no punto anterior e acreditar, ademais, dous anos de experiencia profesional ou coñecementos adquiridos en cursos universitarios de posgrao (masters ou de especialización), en ambos os dous casos en materias relacionadas coas funcións propias dos axentes de emprego sinaladas no artigo 19º.2 desta orde.

4. Para os efectos previstos neste artigo, o grupo de traballo mixto estará integrado por:

a) Un representante da entidade subvencionada.

b) Un representante da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, que a presidirá.

c) Un funcionario da Dirección Xeral de Promoción do Emprego que exercerá de secretario con voz e sen voto.

Artigo 23º.-Contratación.

1. Con carácter xeral, os contratos de traballo subscritos cos traballadores seleccionados celebraranse antes do 1 de decembro de 2005 e comunicaranse á oficina de emprego correspondente coa indicación

de programas de cooperación Xunta de Galicia-outras administracións ou entidades.

2. A subvención para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio concederáse por un período máximo dun ano, podendo prorrogarse por iguais períodos ata un máximo de seis anos, incluído o inicial.

Artigo 24º.-Prórroga da subvención.

1. As entidades beneficiarias das axudas e subvencións previstas neste capítulo ao abeiro da Orde do 30 de xaneiro de 2004, poderán solicitar á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a prórroga da subvención concedida por cada axente contratado e/ou unidade de apoio, que competirán en réxime de concorrencia competitiva coas solicitudes novas.

2. A solicitude (anexo I) deberá ir xunto cunha memoria das actividades desenvolvidas, valorando especialmente a xeración de iniciativas empresariais e o número de postos de traballo creados como consecuencia da súa actuación, especificando os obxectivos que se van levar a cabo no período para o que se solicita a prórroga e tempo estimado da súa execución (anexo VI).

Así mesmo, a entidade solicitante deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

3. A resolución que, se é o caso, aprobe a concesión da prórroga poderá ter efectos retroactivos, sempre que o remate do período subvencionado se produza dentro do ano 2005 e non se interrompese a contratación e a prestación de servizos.

Artigo 25º.-Seguimento e publicidade.

1. As entidades beneficiarias deberán remitirle á Dirección Xeral de Promoción do Emprego unha memoria descritiva das actividades realizadas polos axentes de emprego en cada semestre natural do ano, no modelo normalizado que para o efecto establece a Dirección Xeral de Promoción do Emprego. Esta memoria presentarase durante o mes de xullo e durante o mes de xaneiro do ano seguinte, agás que o axente de emprego remate a súa prestación de servizos. Neste caso, a memoria deberá remitirse con anterioridade á finalización do contrato.

2. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realice o servizo, deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, en modelo normalizado que facilitará a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en que constará o cofinanciamento pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo.

3. Para os efectos de ofrecer unha imaxe unificada e global da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, cara aos usuarios dos seus servizos en toda a Comunidade Autónoma, que permita unha mellor e máis

rápida identificación destes, deberá utilizarse o conxunto de normas gráficas recollidas no Manual de Identidade Corporativa da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, para a utilización do logotipo da rede, nos distintos elementos de comunicación, o que redundará nunha maior calidade das prestacións desenvolvidas polos axentes.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas e subvencións reguladas por esta orde, estará supeditada á existencia de crédito nas aplicacións 16.02.241A.400, 16.02.241A.419, 16.02.241A.439, 16.02.241A.440 e 16.02.241A.480 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segunda.-As axudas concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 65%, encontrándose dentro do Programa operativo fomento do emprego (PO 2000 ES 051 PO 017).

Terceira.-Apróbese a delegación de atribucións da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais no director xeral de Promoción do Emprego para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos.

Cuarta.-Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes de subvención, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o director xeral de Promoción do Emprego.

Quinta.-Poderán financiarse con cargo aos créditos previstos nesta orde as resolucións complementarias relativas a incentivos á mobilidade xeográfica correspondentes a expedientes do ano 2004 non tramitadas antes do 31 de decembro.

Sexta.-Por resolución do director xeral de Promoción do Emprego poderáse establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego europeas e o Plan Nacional de Acción para o Emprego e a demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Promoción do Emprego a ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2005.

Belén Prado Sanjurjo
Conselleira de Asuntos Sociais,
Emprego e Relacións Laborais

ANEXO I

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAISCOMUNIDADE
EUROPEAFondo Social
Europeo

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <input type="checkbox"/> SUBVENCIÓN DA CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN CON ÓRGANOS E ORGANISMOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DISTINTAS DA LOCAL, UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO..... <input type="checkbox"/> SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E/OU UNIDADES DE APOIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS352A AS352B	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-1)
---	--	--------------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
ENDEREZO			
TELÉFONO	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

DATOS DO RESPONSABLE POR PARTE DA ENTIDADE OU PERSOA DE CONTACTO

NOME		
POSTO QUE DESEMPEÑA	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		

D/Dña. _____, en calidade de _____ da entidade citada,

SOLICITA:

Nos termos sinalados nas memorias adxuntas (S-2) e (S-3), a concesión da subvención prevista na orde da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais do _____, polo importe que corresponda, para:

- A contratación de _____ traballadores desempregados.
- A contratación de _____ beneficiarios do programa Labora.
- A contratación de _____ beneficiarias do programa de inserción laboral de mulleres vítimas da violencia doméstica.
- A contratación de _____ axentes de emprego.
- A prórroga de contratación de _____ axentes de emprego.
- A contratación de _____ traballadores de unidades de apoio para a creación de emprego.
- A prórroga de contratación de _____ traballadores de unidades de apoio para a creación de emprego.

DECLARA que:

- A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica no dorso.
- Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas na orde de convocatoria.
- Acepta someterse ás actuacións de comprobación e control previstas na orde de convocatoria.
- Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 31 de xaneiro de 2005 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2005, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro para a contratación de traballadores desempregados, beneficiarios do Programa labora:xuventude con experiencia e beneficiarias do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO REPRESENTANTE _____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE REXISTRO
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA ***CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS352A**

SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN CON ÓRGANOS E ORGANISMOS DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DISTINTAS DA LOCAL, UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO.

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO REPRESENTANTE LEGAL E ACREDITACIÓN DA SÚA REPRESENTACIÓN.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DA ESCRITURA PÚBLICA E ESTATUTOS DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE SEN ÁNIMO DE LUCRO SOLICITANTE.
- PROXECTO GLOBAL DO CONXUNTO DE PLANS DE OBRAS E SERVIZOS QUE SE VAN REALIZAR (anexo II)
- MEMORIA DE CADA OBRA OU SERVIZO QUE SE VAI REALIZAR (anexo III).
- CERTIFICADO DE RETRIBUCIÓN SEGUNDO CONVENIO COLECTIVO (anexo IV).
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS COMPETENTES (anexo VIII).
- FICHA DE TRANFERENCIA BANCARIA (anexo VII)

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS352B

SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E/OU UNIDADES DE APOIO.

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO REPRESENTANTE LEGAL E ACREDITACIÓN DA SÚA REPRESENTACIÓN.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DA ESCRITURA PÚBLICA E DOS ESTATUTOS DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- MEMORIA FUNDAMENTANDO A SOLICITUDE (anexo V).
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS COMPETENTES (anexo VIII).
- FICHA DE TRANFERENCIA BANCARIA (anexo VII)

SUBVENCIÓN PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E/OU UNIDADES DE APOIO.

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO REPRESENTANTE LEGAL E ACREDITACIÓN DA SÚA REPRESENTACIÓN.
- MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PRÓRROGA (anexo VI).
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS COMPETENTES (anexo VIII).
- FICHA DE TRANFERENCIA BANCARIA (anexo VII)

* A solicitude así como a documentación en cada caso exigible, deberá achegarse por duplicado exemplar.